

En E.I., é moi cedo para detectar pola idade temprana, pero pódenos chamar a atención os indicadores seguintes:

Alta desorganización e o baixo control do dominio corporal (motricidade grossa e fina), así como a actividade constante, imposibilidade de seguir a asemblea, respectar as quendas, facer a fila, rexeitamento de xogos tranquilos, non seguir as normas do xogo, non seguir as instrucións, amosarse "sordo" ante as indicacións, estar perdido ou con dificultades de comportamento ante cambios nas rutinas, agredir a compañeiros, romper ou non coidar o material....

En E.P e E.Secundaria, podemos destacar:

Indicadores de dificultade de atención:

- No remata as tarefas que comenza.
- Comete moitos erros.
- Non se centra nos xogos.
- Moitas veces asemella non escoitar cando se lle fala directamente.
- Cústalle entender as indicacións á primeira, ou seguir varias instrucións seguidas...
- Cambia de tema sen vir a conto, cústalle seguir as conversas...
- Ten dificultades para organizarse.
- Evita as tarefas que requiren esforzo.
- Acotío perde cousas que precisa (xoguetes, material escolar, roupa...).
- Distráese con calquera cousa.
- É moi descuidado nas actividades.
- Variabilidade o inconsistencia temporal: aparecen fluctuacións constantes no seu rendimento.
- **Dificultades na memorización:** Amosan dificultades na memoria de traballo e na memoria a longo prazo.

Indicadores de hiperactividade:

- Movementos constantes de mans , pes...
- Cáenlle as cousas da mesa ou do estoxo...
- Érguese constantemente.
- Non mantén unha postura axeitada na silla
- Corre por todos lados.
- Cústalle xogar a actividades tranquilas.
- Está activado como se tivera un motor.
- Fala moito, en exceso.
- Xírase constantemente e fala aos distintos compis aínda que estén lonxe del/dela.
- Ten dificultades para ir na fila (non mante as quendas, pélexase co de adiante ou atrás...corre ou salta no lugar de andar...)
- **Torpeza motriz:** amosan dificultades na motricidade fina.

Indicadores da impulsividade

- Precipítase en responder antes de que se fagan as preguntas completas.
- Ten dificultades para gardar a quenda.
- Precipítase en responder antes de que se fagan as preguntas completas.
- Suelen ter dificultades nas estratexias de solución de problemas, manifestando pouca fluidez e flexibilidade cognitiva, tratando de resolver a situación ou tarefa de forma rápida e pouco reflexiva. Con frecuencia, amosan unha memoria a curto prazo diminuída.

- Acotío interrompe ou métese nas actividades doutros (conversacións, xogos...)
- Fala alto e a destempo
- Non atende ás instrucións para facer unha actividade
- Dificultade para respectar e seguir as normas

A todo isto podemos sumar as consecuencias derivadas destas dificultades nomeadas:

- **Baixo rendemento académico/fracaso escolar:** con posibles dificultades de aprendizaxe asociadas (dislexia, disortografía, discalculia, dif. de expresión ou comprensión escrita...)
- **Frustración :** o seu esforzo non se reflicte nos resultados, sentimento de incompreensión/incomunicación...
- **Problemas emocionais:** amosan indicadores de ansiedade e estrés, e baixa asertividade e baixo autoconcepto e autoestima. Comportamentos infantís e rápidamente alterables. suelen mostrase como alumnos menos "maduros",
- **Problemas nas relacións sociais :** ocasionadas pola baixa autoestima, polas dificultades de comportamento, por carencia de habilidades sociais, por non respectar as normas dos xogos, pola inmadurez...
- **Castigos-reprimendas:** so recibe mensaxes negativos...
- **Comportamentos disruptivos:** derivados de todo o anterior
- **Propensión a comportamentos compulsivos e aditivos**
- **Problemas co profesorado e os compañeiros**
- **Familia:** dif. Nas relación intrafamiliares, estrés, dif. Comportamiento, dif. Na relación escola-familia.

É moi importante que esta listaxe só son indicadores de que o alumno/a, presenta dificultades e que debemos ponernos en contacto co departamento de orientación do centro. Estes indicadores, nunca deben ser tomados , por sí mesmos, como un criterio diagnóstico.

